

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN INAUGURAL "CARDINALES"

DATAS

15 de novembro de 2002- 23 de febreiro de 2003

LUGAR

Sala de exposicións da planta baixa do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

HORARIO

De martes a domingo (festivos incluídos): de 11:00h a 20:00h. Venres de 11:00h a 23:00h.

ORGANIZACIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

COMISARIOS

Bartomeu Marí e Dirk Snauwaert

COORDINACIÓN

Luisa Ramos

ARTISTAS PARTICIPANTES: 26

Bas Jan Ader (Holanda)	Johannes Kahrs (Alemaña)	Gustavo Romano (Arxentina)
Pawel Althamer (Polonia)	Langlands & Bell (Reino Unido)	Anri Sala (Albania/Francia)
Jorge Barbi (España)	Annika Larsson (Suecia)	Gregor Schneider (Alemaña)
James Casebere (EE UU)	Esko Männikkö (Finlandia)	Nicolas Schöffer (Francia)
Rui Chafes (Portugal)	Michaela Melian (Alemaña)	Alberto Simon (Brasil/Alemaña)
Tacita Dean (Reino Unido)	Muntadas (España / EE UU)	Montserrat Soto (España)
Ceryth Wyn Evans (Reino Unido)	Constant Nieuwenhuis (Holanda)	Pedro Tudela (Portugal)
Harun Farocki (Alemaña)	Tony Oursler (EE UU)	Eulàlia Valllosera (España)
Valerie Jouve (Francia)	Sergio Prego (España)	

NÚMERO DE OBRAS NA EXPOSICIÓN: 73

Debuxos orixinais do panóptico de Jeremy Bentham (1791): 5

Esculturas:	10	Instalacións vídeo:	7
Fotografías:	5	Instalacións fotográficas:	2
Series fotográficas:	4	Instalacións diapositivas:	2
Debuxos:	12	Proxeccións película:	1
Gravados, cianotipos:	17	Proxeccións vídeo:	3
Instalacións:	2	Instalacións sonoras:	1
Maquetas:	2		

CATÁLOGO:

O Museo de Arte Contemporánea de Vigo editará un catálogo trilingüe de 224 páxinas: textos protocolarios, textos dos comisarios, textos de Michel Foucault e de William Sweet sobre Jeremy Bentham, obras da exposición, biografías dos artistas participantes e traducións.

SOBRE OS COMISARIOS

Bartomeu Marí: responsable do proxecto do Centro Internacional de Cultura Contemporánea en Donostia-San Sebastián. Entre 1996 e 2002 foi director do Witte de With de Rotterdam. Dirk Snauwaert: comisario de exposicións no Institut d'Art Contemporain de Villeurbanne. Ex-director da Kunstverein de Munich.

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

A metamorfose do edificio do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de centro penitenciario e sede dos xulgados en centro de arte, é o argumento que tomaron os comisarios, Bartomeu Marí e Dirk Snauwaert, para estruturar unha das exposicións inaugurais, de xeito que o museo abre as súas portas cunha mostra dedicada ó seu propio edificio. Ámbolos dous consideraron que a súa particular historia, a súa estrutura panóptica, baseada nun concepto orixinal de Jeremy Bentham (1748-1832), a súa actual remodelación e maila súa transformación en museo eran temas suxestivos que podían seren un bo motivo ó redor do cal articular unha exposición de arte contemporánea internacional.

A montaxe da mostra, de carácter narrativo, baséase nese tránsito. Nas primeiras salas vanse amosar obras relacionadas co universo da reclusión e coa arquitectura panóptica. Nela inclúense 5 gravados orixinais dictados por Bentham ó seu debuxante, prestados pola *University College of London*.

As salas e patios que seguen reúnen obras de arte con exemplos de diferentes dispositivos da visión: instalacións que tratan sobre a tecnoloxía destinada ó control e á vixilancia, a tecnoloxía que traballa sobre a deconstrución da imaxe, instalacións realizadas con microscopios, instalacións de vídeo, etc.

Para remata-lo percorrido dedicouse unha sala ó sentimento lúdico, á escapada e á procura de liberdade.

O atractivo do tema e mailo interese da proposta quedan manifestos no elenco de artistas participantes, que ofrece un excelente rastrexo da diversidade da produción artística actual, ó tempo que actúa sen prexuízos de idade, de fronteiras, ou de soportes: 26 artistas de 13 países (Albania, Alemaña, Arxentina, Brasil, España, EEUU, Finlandia, Francia, Holanda, Polonia, Portugal, Reino Unido e Suecia) que abranguen diferentes xeneracións, dende Nicolas Schöffer, nado en Kolocsc (Hungría) en 1912, ata Anri Sala, nado en Triana (Albania) en 1974.

É tamén unha mostra transecular, xa que inclúe dende os gravados de Bentham (1791) ata as últimas producións en vídeo de Sergio Prego —creacións de 2002 que se exhiben nun televisor de plasma— pasando por fotografías, proxeccións de vídeo ou de diapositivas, debuxos a carbón, esculturas, instalacións, etc.

TEXTO DOS COMISARIOS

“Situado en pleno corazón da cidade, o MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, atópase inserido na zona comercial por excelencia. Escaparates, galerías comerciais e espazos públicos rodean o que ata 1976 foi un lugar asociado coa orde, a administración da xustiza e mailo castigo. O novo museo repite a tipoloxía arquitectónica, a estrutura orixinal da prisión en forma de panóptico radial, cunha entrada frontal e un punto central dende onde arrancan as galerías, separadas por patios de dimensións xenerosas.

A exposición CARDINALES inspírase nesta tipoloxía arquitectónica, no seu significado e nas súas implicacións históricas. Pretende celebra-la transformación do uso do edificio, así como a noción de museo de arte contemporánea como espazo de liberdade, de sociabilidade e de obtención de coñecemento e pracer. De lugar de reclusión a espazo de deleite, de estar destinado a illar individuos da sociedade a reunilos nunha actividade eminentemente participativa.

Conecta-la nova actividade do edificio coa vida cotiá da cidadanía e mailos visitantes é unha das intencións principais que animan a inauguración da institución. A exposición contén un carácter metafórico en relación á tradición mariñeira de Vigo, á orientación na navegación e, polo tanto, á mirada, á visión e ós seus avatares.

A noción de "cardinal" remítenos á rosa dos ventos, á cuadrícula imposta no espacio e á regulación do tempo.

CARDINALES desprégase en tres seccións que van dándose paso as unhas ás outras no percorrido das salas do museo, dende o seu centro visual e arquitectónico cara ás galerías e, finalmente, os grandes patios acristalados.

A primeira sección está dedicada ós fenómenos de control, vixilancia e orde na sociedade. Facéndose eco da formulación orixinal de Jeremy Bentham (1748-1832), a prisión panóptica é un instrumento para reinserir na sociedade a aqueles individuos cunha conducta que os fai excluibles. A prisión é un instrumento de control e punición organizado sobre a economía do espacio e maila eficacia da vixilancia. Esta vixilancia é ocular, e sitúa ó vixilante na posición de poder controlar dende un único punto o contido e maila evolución do conxunto. O panóptico é unha estrutura estática. Nesta sección podemos atopar obras como as esculturas e instalacións dos británicos Langlands & Bell, vídeos de Annika Larsson, debuxo do panóptico de Jeremy Bentham, ou unha instalación multi-media de Harun Farocki. Outros artistas relacionados con esta sección son: Muntadas, Tony Oursler, Montserrat Soto, Rui Chafes e James Casebere.

Oposto á primeira, unha nova sección abordará o tema da escapada, a fuxida cara a un novo horizonte, o desexo de liberdade e maila viaxe a outra parte. Oposto á opacidade e á inmovilidade na que vive o recluso, atoparemos ó individuo na procura de novas metas, a paisaxe aberta e maila experiencia dun tempo en constante movemento, abrupto, trepidante. Poderemos gozar aquí de obras como as series fotográficas de Esko Männikkö, unha obra cinematográfica de Tacita Dean, documentos de Constant Nieuwenhuis sobre a súa cidade-mundo ideal New Babylon, a catedral do pracer de Nicolas Schöffer, ou Bas Jan Ader e Jorge Barbi.

Entroncadas coa estrutura do panóptico e mailo seu particular resumo do tempo, unha serie de obras exemplificarán a importancia que o dispositivo visual, a máquina de ver e mailos aparellos escenográficos adquiriron na creación contemporánea. Obras de Eulalia Valldozera, Sergio Prego, Anri Sala e Pavel Althamer, entre outros. Dende a relación interior - exterior, a visión panorámica será introducida como correlato negativo do panóptico, a arquitectura circular estará considerada como un *loop* espacial, e a sucesión de imaxes como materialización do desexo de totalidade.

CARDINALES non é unha exposición demostrativa, senón evolutiva e representativa. Será evolutiva porque vai estruturarse en forma de vaivéns visuais e de contido, fuxindo da linealidade. Será representativa porque vai aborda-la necesidade actual de relectura da historia recente da arte, fóra de cánones oficiais e aberta a novas perspectivas formais e intelectuais. A exposición non busca instituír novos nortes na arte de hoxe, senón ser un punto de encontro dende onde mirar arredor dun mesmo, cando o mundo creceu tanto que a súa cartografía se volveu case imposible."

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA (A PARTIR DO MES DE NOVEMBRO):

CD con fotos do museo e das dúas exposicións inaugurais, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, CUBRA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO , FAX OU CORREO A:

MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Departamento de Comunicación

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo, España
Tel. +34 986 11 39 00
Fax.+34 986 11 39 01
Correo electrónico: coordinación@marcovigo.com

Solicítaselle especifica-lo formato de imaxe solicitado, así como o medio no que solicita a documentación:

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio:	Código postal e cidade:	Correo electrónico:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos remitan un exemplar da reseña que publiquen ó noso Departamento de Comunicación.